

## O Voluntariado en Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

Enxeñería Sen Fronteiras Galicia (ESF Galicia), é unha asociación formada e liderada por persoas voluntarias, apoiadas por algunhas persoas contratadas. En ESF Galicia non temos voluntariado, senón que **somos voluntariado**. ESF son as persoas que a conforman, coas súas diferentes ideas, habilidades, iniciativas e inquietudes. Únennos uns obxectivos e apoiámonos uns en outros para conseguilos. O voluntariado é o motor da asociación, sendo incluso a dispoñibilidade das persoas voluntarias as que marcan o ritmo de traballo, os temas polos que a asociación avanza e os proxectos da asociación en todos os seus sentidos. En ESF Galicia, o proceso dunha persoa voluntaria busca que se converta nun cambio. Buscamos que as persoas reflectan o seu paso en ESF como unha actividade importante que lles axuda a madurar e crecer como persoas e non como un simple paso, por iso:

### Fomentamos

A sensibilidade aos problemas do mundo, o acceso a novas fontes de información, pensar en profundidade sobre temas claves na sociedade, as opinións compartidas con outras persoas ou as experiencias de aprendizaxe cando vivimos somerxidos noutras realidades. Todas estas cousas buscan que a persoa adquira ou mellore a súa visión global das inxustizas sociais que provoque cambios tanto no seu pensamento como na súa forma de actuar, sempre desde o **pensamento crítico** (coñecer moita información sobre un tema e decidir a nosa opinión evitando estereotipos e prexuízos) e co obxectivo de construír colectivamente un mundo máis humano.

O voluntariado como **Educación para o Desenvolvemento** a través da cal formamos a unha persoa en profundidade en diversos temas, non dun simple modo superficial. A formación continua, tanto formal como informal, do voluntariado resulta esencial para que as nosas accións teñan validez.

O voluntariado como **crecemento persoal**, tanto a nivel de **habilidades** como de **coñecemento** do mundo que nos rodea. En ESF foméntanse certos valores de tipo organizativos que se visualizan na nosa forma de traballar, isto aportará á persoa voluntaria unha serie de recursos que lle permitirán a súa eficiencia en calquera tipo de ocupación. Como exemplo disto, temos os protocolos dos diferentes ámbitos ou comprender a linguaxe legal na convocatoria dunha subvención.

O voluntariado con **responsabilidade e iniciativa**. Debido a que todos somos persoas voluntarias, admitimos as ideas das demais persoas e se admiten as nosas de cara ao futuro e ás actividades. Isto tamén implica un certo compromiso en ser capaz de levar a cabo a iniciativa proposta. Neste senso, a responsabilidade de ser coherente coa idea proposta e o compromiso de levala a cabo é unha actitude que intentamos transmitir.

O **traballo en equipo**. Traballamos mellor en equipo, unha iniciativa persoal que se leve a cabo por unha persoa individual pode suceder en diversas ocasións, pero estas adoitan “desgastar” a esa persoa e aportarlle pouco persoalmente, a parte de que hai unha maior probabilidade de que as cousas salgan mal. A experiencia ensínanos que as cousas feitas en grupo poden ser

mais lentas ou difíciles, pero adoitan contar cun desgaste menor, maior aporte persoal e adoitan representar moito mellor a ESF.

**A calidade nas accións de voluntariado.** Unha cousa que se critica en ocasións ás asociacións que promovemos o voluntariado, é que este é demasiado inconstante para levar a cabo accións de calidade. Estamos completamente en contra disto. O traballo en grupo, a formación en habilidades e coñecementos, o pensamento crítico e, por que non dicilo, a vontade de querer facelo sen ningún beneficio económico demostraron que as persoas voluntarias podemos facer cousas de gran calidade.

**A importancia das relacións persoais.** Ante todo, debemos introducir un matiz aquí, estamos en ESF Galicia porque compartimos obxectivos, non porque queiramos relacións de amizade, perdendo isto de vista seríamos unha asociación que perde o norte. Agora ben, si nos levamos ben coas persoas coas que traballamos; si compartimos, non só o traballo, senón tamén experiencias e diversións e fomentamos o espacio informal e as relacións humanas, vemos que isto repercute positivamente na nosa **coordinación, satisfacción e motivación**. En definitiva, é ao que lle chamamos **vertebrar**.

**A evolución constante.** Sabemos que non somos persoas perfectas, quédanos moito que recorrer e moito por mellorar. Agora ben, **fomentamos a vontade de mellora constante** de forma que intentamos cumprir os apartados anteriores, pero tamén reflexionalos e amplialos ao mesmo tempo que volvemos pensar sobre eles. Isto nótase tanto na nosa filosofía como nos nosos procesos.

O voluntariado como **experiencia transformadora**, de forma que o anteriormente exposto sirva para evidenciar que o que pretendemos é o **paso da persoa voluntaria**, na que se reflicte a sensibilidade de coñecer e a vontade de axudar, **á persoa militante ou activista** que coñece, comprende, opina e leva esta visión mais alá do lugar onde fai voluntariado.

Fomentamos o voluntariado en si **porque nos gusta** ser persoas voluntarias, porque é algo que consideramos importante e queremos compartilo coas demais persoas.

## Rexeitamos

**O voluntariado utilitarista.** Aquel que ofrece o voluntariado para completar unha función, sen posibilidades de decidir na actividade, nin participar na asociación, aínda que se poida necesitar que esta función se cumpra e a persoa voluntaria poida ter vontade de cumprir esa función, limitar o voluntariado a esta visión mercantilista parécenos pobre.

**O voluntariado como fonte de recursos económicos ou aforro dos mesmos.** De forma de que o obxectivo sexa cadrar as contas da asociación, o voluntariado verase como unha forma económica de incidir niso, levando a anunciálo e a ofrecer melloras nos programas de voluntariado mentres a oferta e a demanda estean descompensadas. Este sistema está en contra do noso obxectivo como asociación e da nosa forma de facer voluntariado. Nótese aquí,

que esta perspectiva evita a creación de postos de traballo converténdose o voluntariado en algo negativo para a sociedade.

**O voluntariado como simple receptor de ordes.** As funcións do voluntariado deben ir máis alá de funcións asignadas a unha actividade puntual. Consideramos que a satisfacción do voluntariado está en escoitalo e que os obxectivos sexan os mesmos que os da asociación no seu conxunto, e non que os seus obxectivos sexan axudar á organización de forma pasiva.

**O voluntariado como experiencia parcial** na que se cumpre o compromiso e este non vai máis alá. O chamado "lavaconciencias". Non criticamos aquí as motivacións que poidan levar a cada persoa ao voluntariado, o que criticamos, é que este se entenda como unha satisfacción puntual que sirva como argumento para evitar o cambio. En definitiva, o noso obxectivo é cambiar a sociedade a través do voluntariado polo que simplemente criticamos o uso do voluntariado para non cambiar.

Por último, non afirmamos que en diversas ocasións, ESF Galicia, non caera nestas cousas que criticamos. Aquí pretendemos amosar a nosa vontade de non caer nelas e de entender o voluntariado como algo máis, é dicir, unha experiencia persoal transformadora; sempre desde o respecto a outras formas de voluntariado.

## Matices

O voluntariado de ESF Galicia organízase en unidades ou grupos de traballo. Estes grupos coordínanse entre si a través de dúas figuras: a sede á que pertencen e a vogalía (da Xunta Directiva) na que se enmarca a súa actividade. Todos os grupos de traballo realizan unha planificación do seu traballo anual e un orzamento das súas previsións económicas.

O rol das persoas traballadoras en ESF Galicia é importante. O seu traballo é de gran calidade e amosan iniciativa e coherencia coa asociación. Están ao servizo das persoas voluntarias de forma que liberan a estas de traballos que levan moito tempo e non aportarían gran cousa, aconsellan e guían en base aos seus coñecementos cando é preciso e dan estabilidade á asociación. O máis destacable é que son conscientes disto e son estas mesmas persoas traballadoras as que evitan que as persoas voluntarias dependan delas como nexa na asociación, se convertan no único canal de información, ou fagan o traballo que é propio de persoas voluntarias en lugar de apoialas (por exemplo, no deseño das actividades).

A coordinación de todos os obxectivos das persoas voluntarias é posible a través da Planificación Estratéxica que analiza como estamos e a onde queremos chegar. A Planificación defínese a través do debate, e aínda que as persoas voluntarias leven pouco tempo na asociación, xa teñen voz e voto. Por iso o futuro da asociación sempre será das persoas voluntarias. Se hai un grupo de persoas a quen lle interesa un tema, están dispostas a tirar del e este tema é coherente cos obxectivos da organización, seguramente teña sitio en ESF.

Os grupos non son simplemente unidades de traballo, senón que tamén o son de decisión e corresponde a eles propor a estratexia a seguir pola asociación

dentro do ámbito de actuación do propio grupo. Cada grupo coñece a súa responsabilidade ao representar a ESF nas súas actividades. Polo tanto, as persoas voluntarias sempre serán as representantes de ESF Galicia.

Debido a todo o anterior. ESF ten un grupo de voluntariado continuo que se encarga de afianzarse na nosa idea de voluntariado. Temos unha Estratexia de Formación de Voluntariado e un Manual de Voluntariado abertos a mellora nos que se introducen a experiencia e reflexións na acollida, seguimento, formación e saída das persoas voluntarias, así como que ESF pretende levar estes valores a todas as nosas actividades.